

Barcelona 28 de Abril de 1975
Sr. Dr. Xesús Alonso Montero
LUGO.

Moi apreciado Sr. Xesús:

Estes días no Centro Gallego descubrim 'Area longuina'
que considero un grande acerto. Pero non vou a facer grandes
louvanzas, nin escribir felicitacións pra non rotar sospeitas
de interés.... O caso é que veume a tentación de ofre-
cerlle o meu librinho de tema obreiro, que debía publicarse
en "Val de Lemos" o ano 69 e abortou por "consello"....
Como pode ver, algunhas cousas apareceron en Buenos Aires. Eu
que sou pai da obra, considero que non é ruín e que tería o mé-
rito de ser o primeiro libro obreiro da nosa fala. Vde. teñ a
palabra.

Encabezan tres sonetos que podían ser tres adicatorias:
O Sr. Puente foi quen ~~me~~ abriu o "Correo de Galicia" ás miñas
inquietanzas literarias e estoulle moi reconecido. Castelas me-

séces, máxime miste 25 cabotans e o "Ché" non hai dudu que tamén.

Siqúen poemas e a final 3 prosas. O conxunto supoño que sería armónico.

A miña circunstancia de emigrado e asalariado non me permiten tempo libre pra penetrar en ningún círculo - ás ve-
gadas vicioso - e sóio me queda a esperanza de atopar un "Mecenas". E coidei que Vde. podía introducirme en "Arealouguina". Se lle interesan xa os mecanografiarei de novo. Agardo as suas novas.

Deséxolle moita saúde pra Vde e os seus.

s. s. s.

Manuel Rodríguez López

Hortel 54

Barcelona - 16

P.S. É feito se intentar de novo a publicación de libros e porque visto que agora existe un bo dis-
posición pra facelo. Luano